

# O NADAL EN BEGONTE

## XLVIII

CERTAMES DE

## XORNALISMO E POESÍA

Declarado de Interese  
Turístico Galego pola



XUNTA  
DE GALICIA





# XLVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

---

LOGOTIPO:

XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:

XESÚS FRAGA

COORDINACIÓN:

XULIO XIZ

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»

DEP. LEGAL LU 182-2024

# XLVIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

---



**EGERIA**

**//ABANCA**





# ARREDOR DO NADAL

Hai máis de tres décadas que demos en facer anualmente cadanseu libriño co título de O NADAL, no que viñemos recollendo os traballos premiados nos Certames de poesía e xornalismo convocados por este Centro Cultural, para espallar e gardar memoria de especiais creacións que van conformando un corpus literario arredor —ou como base— do Nadal en Begonte, que tivo a primeira expresión no Belén creado en decembro de 1972 por José Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela.

Se a nosa historia supera o medio século, temos a sensación de estar recomenzando, reafirmando, impulsando o labor de tanta xente, de tanto tempo, emprendendo accións de futuro que honren o xa conseguido, que nos afiancen de cara ao futuro.


Aválannos a devoción dun pobo, infinidade de amigos que nos visitan, a ilusión dos nenos, a compracencia dos maiores, a satisfacción de todos... O noso Belén está declarado «de interese turístico galego», un gran mural «fala» de nós á beira da N-VI, e en cada parroquia do Concello unha talla de César Lorenzana orienta cara á sede do Belén aos camiñantes... E abrimos de novo as portas a todos os que queiran ver un Belén inocente, para nenos, para maiores que queiran facerse nenos, para os que saiban ver o que hai «detrás» dunhas figuras en movemento que pretenden que non se esqueza a tradición do Nadal, que se reproduza a vida nunha aldea da Terra Chá doutrora, para os que queiran saber por que o nome deste pobo é xa o de «Begonte do Belén».

Un ano máis, e van 53, volve ser verdade o poema de X.X.  
Piñeiro Cochón, que se admiraba:

E a quen se lle conte:  
de novo en Begonte,  
armouse o Belén.

Temos unha obriga moral, un dereito especial e unha  
devoción inconmensurable por facelo, xa que nos senti-  
mos gozosos habitantes dun pobo que todos coñecedes  
como BEGONTE DO BELÉN.

Benvidos todos, benvidas todas, ao voso Belén, á vosa  
casa, un ano máis, e sempre!

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and curves, characteristic of a cursive style.

Xulio Xiz

Presidente do Centro Cultural José Domínguez Guizán



Poesía

## XLVIII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co fin de potenciar o espírito do Nadal e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
  - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
  - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
6. A remisión de orixinais farase ao correo electrónico [info@belendebegonte.es](mailto:info@belendebegonte.es), en dous arquivos: Un, co traballo poético a concurso, e outro, identificado como «Plica», co título do traballo, no que figurarán os datos personais do/a autor/a, que só será aberto no caso de resultar premiado o traballo con algún dos premios instituídos ou coas mencións que, no seu caso, acorde conceder o Xurado.
7. quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, antes das 12,00 h. do 6 de xaneiro de 2024.

# BASES

## FALLO DO XURADO DO XLVIII CERTAME DE POESÍA «BEGONTE E O NADAL»

---



# FALLO DO XURADO

*Reunido o xurado do XLVIII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL, convocado polo Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte, formado por XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO, escritor; SARA BLANCO DÍAZ e MARÍA JESÚS BLANCO DÍAZ, da Comisión de Cultura do centro convocante, e XULIO GIZ RAMIL, presidente do Centro, que actúa como Secretario, acordan premiar os traballos dos seguintes autores:*

**Premio Begonte de Poesía**, dotado con 600 € e estatuíña de Sargadelos a MARÍA SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO, de Nigrán (Pontevedra), polo poema titulado «BETHLÉEM».

**Segundo Premio**, dotado con 300 € e estatuíña a JOSÉ OTERO CANTO polo poema presentado co lema «Luces sacrae», titulado «AO NENO LEVADE LELÍAS DE MÚSICA E POESÍA».

*Pola calidade dos seus traballos concédense cadansúa*  
**Mención de Honra**, dotada con estatuíña de Sargadelos a:

- DAVID CORRAL DÍAZ, begontés residente en Ferrol, polo poema presentado co lema «Alecrín», titulado «UN NENO, NOSO VECIÑO», e a
- MANUEL LAESPADA VIZCAÍNO, de Albacete, polo poema «POSTALES DEL BELÉN».

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Giz Ramil





## M<sup>a</sup> SOLEDAD GARCÍA RIVEIRO

A obra desta escritora e poeta nicranesa caracterízase polo compromiso na defensa do idioma, do medio ambiente e do patrimonio da comarca do Val de Miñor e de Vigo. Autora de sete libros infanto-xuvenís, é a creadora do libropoema *POEMARcovid*, que homenaxea o traballo do persoal sanitario e de protección civil durante a pandemia.

Nos últimos tempos ten acadado os premios de Poesía Manuel María de Gipuzkoa; Manuel Oreste Rodríguez López de Paradela; Manuel Leiras Pulpeiro de Mondoñedo e o Premio Anomar. En relato, *O Enxeño Engaiolado* de Baiona e de *Relato Curto* de Mugardos.

Ten participado en obras colectivas das editoriais Elvira, Kalandraka, Galaxia, no blog-revista *Versos e Aloumiños* e na revista do Instituto de Estudos Miñoráns, no que forma parte do grupo de Promoción do Uso do Galego.

# BETHLÉEM


o sereno  
o autenticamente divino que me abraza  
sosténme en vilo co amor  
coa luz  
coma as estrelas que se acenden despois de bicar o ceo  
como un canto de paz  
como un suspiro  
como o murmurio de ás  
como o abrazo  
como o sorriso despois dun día longo  
como o divino  
o verdadeiramente sereno que me alumea hoxe  
está nos teus ollos  
o belén é algo así como esa vida cotiá  
como a Mai  
hoxe mensáxame a inocencia  
e elévome  
hoxe mensáxame o bendito  
e acougo  
hoxe Begonte me impulsa  
isto de bendicir estrelas é realmente alegre  
exactamente doce coma o abrazo  
agora elévome  
e marabíllome  
e renóvome entre os chanzos de madeira  
vou buscar a miña luz entre as luces  
porque acariciei sen medida un corazón de soños

e o sereno  
o verdadeiramente divino que me abraza  
está radiante  
hoxe renóvome ante ti  
meu belén de Begonte  
hoxe a miña faz resplandece  
ante os soutos e as fragas  
e os liques das beiras do Parga e o Ladra  
onde o vento conta segredos de antano nas veigas  
ti renaces na madrugada  
co estralar das lareiras  
e as casas engalanadas de folerpas  
meu belén de Begonte  
es ti quen me escoita?  
teño que contarche desta terra de encanto  
dos soutos e das fragas da chá  
dos corzos e dos montes de cortizo  
do silencio que acouga  
do río Parga que canta e entoa  
da festa dun conto no medio do inverno  
dos esposorios e o solsticio das aves  
da neve que xace en silencio  
da mesa que viste o mellor da terra  
mais veño de conducir o tempo ás sortes e ás contrasortes  
cos xogos no esquecemento  
os bolos celtas, a billarda e o patouro  
a carrilana e o aro que non roda

a gaiola de pombas e os papaventos que xa non pairan  
temo que o mundo do que ves se desplome!  
meu Belén de Begonte  
hai un pobo que sofre  
a besta de Herodes retén os rostros do neno, de Xosé e María  
danzan cos oficios esquecidos a pastorear as ovellas  
privadas de fala por falaren de máis  
todos camiñan por un carreiro de reviravoltas  
repítese o soño de Xosé como unha nora de sangue  
meu belén de Begonte  
hai un atlas transportando ás costas o xaxún da memoria  
precisan os oficios axuda!  
cesteiros, enfiade os vimbios!  
fiandeiras, estirade o liño!  
zoqueiros, moldeade a madeira!  
telleiros, alzade as tellas!  
lavandeiras, resfregade as augas!  
curtidores, tanxede as peles!  
alfareiros, forxade o barro!  
picadores de gadañas, segade os campos!  
matadores de porcos, celebrede a colleita!  
e ti  
meu belén de Begonte  
agasállame cun aguinaldo de palabras vivas  
afasta o galo empoleirado de Herodes  
para non ser derruídos pola dor do lume vello  
e abriga a Palestina!

meu belén de Begonte  
as pantasma do pasado regresan ao mundo dos vivos para  
quentarse  
grilandas ao vento rabuñan a terra  
o negro preside xa no presebe  
repenican as campás e brecan as torres das igrexas  
meu belén de Begonte  
«boa estrela te guíe»  
no templo hai un neno perdido  
sé gardiá dos corazóns fríos  
sé un belén faro baixo o fado das candeas  
sé o lobo ouveando na vereas  
sé testemuña da esperanza coa estrela como guía  
sé un rexurdir na vida das trincheiras  
sé un luco na codia do tempo  
e debuxa un regato para a lei de talión  
meu belén de Begonte  
que darían as miñas ás por aprender a sanar?  
mais son só un anxo  
e na miña almofada xesta un incendio  
afánate por brillar meu Belén de Begonte  
porque brillar é a porta de entrada ao portal  
con cores e palliñas como poesía  
baixo a caravana real que bica os continentes  
sé a pomada do negro  
abrígate da mula e do boi coma soldados  
enaízate cos materiais reciclados e os motores reanimados

cos reloxos dos microondas  
nun balet de ensamblados  
meu belén de Begonte  
hai pesadelos que despuntan na noite coas sombras do día  
engalana a túa árbore milenaria para que enraice cordura ao ceo  
empoleira o amor coa grilanda e o acivro  
varre coas xestas e adózate nas colmeas  
converte as badaladas do reloxos nun ritual  
procúralles unha manchea de alimento  
meu belén de Begonte  
invoca os deuses para que afroite a paz e asubie a luz  
pon a pota a ferver coa bomba da peixeira  
castra o galo se fai falla  
maldice como maldiciu a Virxe a mula  
para que renaza a flor da malva no orballo da noite  
porque  
meu Belén de Begonte  
non podemos deixar que lle trisquen nas pallas  
ás nenas e aos nenos de Palestina!  
meu belén de Begonte  
meu faro de resiliencia  
transforma a tradición nun poema clandestino  
fai do silencio un canto  
fai  
da mirrada noite o medrar do día!



## XOSÉ OTERO CANTO

Natural de Ponte de Outeiro (Castro de Rei - Terra Chá), licenciado en Filoloxía, xubilouse como catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía *Salaíos da Chaira*, *Arelas de prata e soños*, *Miño, río pai e amigo*, *Guía poética da Muralla de Lugo*, *Outono*, *mancebo céfiro de ás ergueitas*, *Poemas da cidade*, *Poética da viaxe*, *Nenias chairegas*, *Valuria*, *As catedrais*, *portas do misterio*, *Telúrica*, *Muralla*, *Lúa chea imperial*, *Sinódica luz*, *Berce máxico e uterino* e *Imos coller niños novos*.

O seu labor poético tenlle deparado máis de vinte premios nos certames do Concello de Vilalba, A Pipa (Becerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Bos Aires, Concello de Paradela, Nacional de Poesía de Begonte, Anduriña Voandeira (País Vasco) e Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona) entre outros.

# AO NENO LEVAN LELÍAS DE MÚSICA E POESÍA

## PREFACIO: STUDIUM

Debo facer un Belén  
e non sei como empezar  
se Deus quixer ter a ben  
de resolver me axudar  
para a Begonte ofrecer  
ao Certame Nacional  
que de poesía ten  
o pracer de convocar,  
ano si e ano tamén,  
e aos vates convidar  
neste novo acontecer  
de palabras sen (a) rimar  
ou versos en leixaprén  
segundo arele acadar  
ao albur de cadaquén.

## OLYMPUS

Do seu Olimpo elevado  
levantáronse en tropel  
todos poetas e bardos,  
todos de gran caritel:  
Vates, aedos, rapsodos  
e trobadores tamén  
celebrando un encontro  
para compor un Belén

de poetas outrora mortos  
nun Nacemento segrel  
que no Begonte de todos  
habería que erguer.

*Queren facer Nacemento  
os vates da Terra Chá  
que como bos devanceiros  
tiveron a ben deixar  
e queren con moito xeito  
ao noso Deus adorar.*

## EMPÍREO

Oíndo isto os Chairegos  
que no Empíreo están  
viron brillar un destelo  
que Deus fixo escintilar  
nas cabezas e queixelos  
dos vates da Terra Chá.

Levántase a voz entre eles  
pois deben considerar  
por ser o máis coherente  
e que lles cómpre, sen máis,  
por estar da terra ausentes  
e ser quen de agasallar  
a tódos os asistentes  
que en Begonte cadrarán.

## NOTARIUS

Queren levar o que teñen  
e nos quixeron deixar,  
así que pola presente  
hai que chamar ao escribán  
para que sexa o que autente  
e dea fe notarial  
de que dos aquí presentes  
compete aos da Terra Chá  
por ser o máis congruente  
ter a ben lexitimar  
porque a eles soamente  
pertence ao Neno adorar.

*Queren facer Nacemento  
os vates da Terra Chá  
que como bos devanceiros  
tiveron a ben deixar  
e queren con moito xeito  
ao noso Deus adorar.*

## VATES

O último da arribada  
foi o noso Darío Xohán.  
Levantouse entre a xuntanza  
e dixo o de **Roás**:  
«Eu levareille as pallas  
ao noso Neno aldeán  
que en **Saor** hainas a esgalla  
para o Meniño deitar

e do apelido **Cabana**  
co que me honro firmar;  
que menos que entregarlle  
para facer o portal.»

*E así foron pasando  
os vates da Terra Chá,  
todos en gran algareo  
para o Belén festexar.*

Logo foi Manuel María,  
—xa non podía aguantar—  
e ofreceuse como guía  
para o que precisar  
que a **casa de Hortas** sería  
a que con todo o amoedar  
a este Belén levaría  
o que houbesen demandar,  
pois coa distancia debida,  
legua e media haberá  
e **carro e vacas** garridas  
para o Belén preparar.

Aínda máis Manuel porfía  
que habería que tocar  
**O Carro** que musican  
**Mero e Mini** con afán  
e outras máis panxoliñas  
con zanfona harmonizar  
por ser ela acaída,  
de salaio medieval,  
que representa a Galiza:  
No Pórtico da Gloria está!

*E así foron pasando  
os vates da Terra Chá,  
todos en gran algareo  
para o Belén festexar.*

Rafael Crecente Vega  
escoitou con atención  
e dixo de viva voz:  
«Eu levarei a **Codeseira**  
e o meu **muíño roulón**  
a **aguillada** ben feita,  
**grilos, merlos e roncós**  
para que fagan orquestra  
deste Belén soñador.»

*Porque ao Neno queren ben  
están facendo un Belén  
e ao Neno levan lelías  
de música e poesía.*


De Crecente, o afillado,  
Francisco de Fientosa,  
quixo poñer **panderetas**  
**de seis azas** e garbosas  
que como **estrelas novas**  
**foron petar ao faiado.**

*E así foron pasando  
os vates da Terra Chá,  
todos en gran algareo  
para o Belén musicar.*

Aí vén o grande Aquilino  
Iglesia Alvaríño  
co seu **Corazón ao vento**  
baténdoo moi maimiño  
con moito comedimento  
en **Lanza de soledá**  
para o Neno adorar,  
por entre os **Cómaros verdes**  
tamén **Leva o seu cantare**  
con que todo acompañar  
e darlle á Navidade  
unha festa de amenceres  
neste Begonte ricaz.  
*Porque ao Neno queren ben  
están facendo un Belén  
e ao Neno levan lelías  
de música e poesía.*

*E así foron pasando  
os vates da Terra Chá,  
todos en gran algareo  
para o Belén harmoniar.*

O místico Díaz Castro  
leva a María e Xosé  
e o Neno nun canastro  
nos **Nimbos** do anoitecer  
coma **un anxo airado**  
con moita sede de **lus**  
moverá todo o Belén  
para que a **contralús**  
vexamos no acimut  
a estrela descender.



## DAVID CORRAL DÍAZ

Nado en Trobo, Begonte (1938), medrou dentro dunha familia labrega e aprendeu na escola da parroquia cabo dos pícaros e pícaras do seu tempo. O mundo daquela era Trobo, pero moitas veces subía ao curuto da Pena, contemplaba toda a Terra Chá e decatábase de que o mundo era máis grande.

Aos catorce anos ingresou no Seminario de Mondoñedo exercendo como sacerdote uns cantos anos. Sendo estudante conseguiu o primeiro premio dous anos consecutivos no concurso convocado polo Instituto de Mondoñedo. Recibiu tamén un premio por un traballo de exaltación do Santuario dos Remedios.

Despois estudou para mestre na Coruña exercendo en colexios públicos da provincia, os vinte e dous últimos no colexio do Feal en Narón. Formou parte do grupo Avantar de renovación pedagóxica elaborando materiais en galego para o ensino. Para mellorar a capacitación fixo na UNED algúns estudos de Psicoloxía, Pedagogía e Lingua.

Chegada a xubilación, publicou sobre a súa terra: *Trobo, Terra e Xente, Sindicatos Agrícolas Católicos 1918-1942, Freguesía e Couto de Gaibor e Freguesía de Xoibán.*

# UN NENO, NOSO VECIÑO

Se naceras en Begonte,  
se na terra chá naceras ,  
habías ter bo abeiro,  
casa cuberta e quentiña  
a carón dunha lareira

Sempre habería un carpinteiro  
que de pino ou castiñeiro  
armara axiña un barrelo  
para arrolarte a modiño  
velando o sono do Neno.

Sabas de liño tecidas  
por mans dunha tecedeira,  
unha manta de buril,  
sobrecama floreada,  
de plumas a cabeceira.

Soña o Neno cos anxiños  
da súa Patria celestial;  
soña na patria adquirida  
cos paxaros cantareiros  
coas cantigas dos veciños.

Namáis saber que naceras  
viría a xente a correr  
con tal acontecemento;

¡cantas cousas traerían  
pra agasallarte, meu Neno!

Unha muller de Santalla  
con un cabrito leitón;  
unha nena de Virís  
cunha pela de manteiga  
e un queixo desde Gaibor.

De Illán unha ducia de ovos,  
de Trobo un tarro de mel,  
de Bóveda un par de pitos.  
de Saavedra uns patuquiños  
e un coello os de Felmil.

E así de cada lugar  
chegarían agasallos  
do que teñen por mellor.  
Meu Neniño ti ben sabes  
a dozura dos paisanos

E cando medraras un pouco  
habías xogar cos nenos  
e coas nenas do lugar  
ás quedas e ás escondidas,  
á billarda e a pillar.

Irías bañarte ao río  
e á horta coller peras,  
aprender o silabario,  
a bulir polos carreiros  
e arrolarte polos prados.

Da xenio ver este ambiente;  
portas de poxigo abertas,  
cada quen no seu oficio,  
sen esquecer que hai un Neno  
que agora é seu veciño.

Canta o galo ao amencer,  
ponse a aldea en movemento,  
lume prendido na forxa,  
o muíño bota andar  
coa cantilena de sempre.

Xa podes ver, meu Neniño  
que este Belén de aparencia  
ben di o que nós fariamos,  
se naceras en Begonte,  
se na Terra Chá naceras.



## MANUEL LAESPADA VIZCAÍNO

Natural de Albacete (1958), reside en Manzanares (Ciudad Real) e obtivo numerosos premios literarios de poesía, entre eles o Ciudad de Mérida e o Ciudad de Pamplona.

En Cantabria foi premiado en 2021 co Gerardo Diego de poesía pola súa obra «Ponme Caras».

Cursou estudos de Xeografía e Historia, e é membro do Grupo Literario 'Azuer' de Manzanares e do Consello de Redacción da revista Calicanto.

Publicou libros como *Epitafios*, Premio Guadalquivir de Úbeda; *Azogues de la llanura*, Premio de Alcázar de San Juan; *El suspiro ahogado*, Premio Ciudad Real; *Plenilunio descalzo*, Premio Luis Fera de La Laguna; ou *Búsqueda rota*, Premio Ciudad de Puertollano.

# POSTALES DEL BELÉN

## INTRODUCCIÓN

Cuando digo Belén, digo Begonte  
y memorias de infancia y Nacimiento,  
arcilla virginal en movimiento  
y alguna oveja nómada en el monte.  
Digo Belén, reluce el horizonte,  
y uno quisiera en este nuevo Adviento  
tronchar toda porfía y desaliento  
y prendido en su albor ser polizonte.  
Porque al decir tu nombre se estremece  
como pluma rendida la ternura  
y florece el amor. Porque también  
a tu lado la pena languidece  
y ante tan celestial arquitectura  
decir Begonte es decir Belén.

## EL ESCENARIO

La noche abierta estaba a la ternura  
igual que se abre el mar cuando la luna  
juega a ser navegante de fortuna  
y quebranta en las olas su estatura.  
Una estrella cometa se apresura  
-rasgando sombras a la noche bruna-  
a buscar el arrullo de una cuna  
poblándola de gozos y de albura.  
Es noche ciega y todo se ilumina  
cuando una mano fría, débil mece

un dulce llanto, el corazón florece  
y la paz toma asiento en cada esquina.  
Era una noche más, helando estaba  
y en un pesebre un niño tiritaba.

### **HABLA MARÍA**

*Tengo miedo, José, aprieta el frío  
y apenas si tenemos nuestro aliento  
para abrigar su piel, hace un momento  
tuve que asir su cuerpo junto al mío.  
(empieza a amanecer, ahora el rocío  
harinea los campos, sopla un viento  
que despierta en las ramas el lamento  
mientras bostezan luces en el río).  
Habrá que buscar leña para el fuego;  
que esté seca, José, así las ramas  
pronto serán capricho de las llamas  
y podremos dormir un poco, luego.  
(Marchó José nervioso, bien sabía  
que leña seca allí no encontraría).*

### **HABLA JOSÉ**

*Tendremos que encontrar otra manera  
para arropar su cuerpo, está todo  
cubierto de rocío, por tal modo  
no podremos valernos de una hoguera.  
No te aflijas María, no quisiera*

*verte sufrir, ya buscaré un recodo  
que sirva de refugio y acomodo  
y al que no llegue el frío que hace fuera.  
Aunque tal vez nos servirán de arrullo  
tus hálitos, tu voz, la cercanía  
de este par de animales de labranza.  
Una mula, un buey, y el mimo tuyo  
nos servirán de abrigo. ¡Ves, María,  
como siempre sonrío la esperanza!*

### **PIENSA EL NIÑO**

*Estos padres, Señor, son principiantes  
y se ahogan con el líquido de un vaso,  
pon algo de tu parte, sal al paso  
que allá donde molinos, ven gigantes.  
Estos padres, Señor, fieles amantes,  
se sienten tan cercanos al fracaso  
que tienen esta noche el alma al raso  
y precisan tu ayuda cuanto antes.  
Los intento aliviar con la mirada,  
que mi calor les llegue como brisa  
prendida en la quietud de mi sonrisa  
pero al final no les consuela nada...  
Están en soledad y asustadizos,  
ayúdales, Señor: son primerizos.*

sanal para le...  
ousas da vida,  
universais, cheo de a...  
dos dos nosos devance...  
n habilidade, inxenio e  
a...  
arredor é tamén un...  
ropicio para que a...  
da á ledicia arte...  
iva medre e...  
mas...  
sua, a...  
parpadexa...  
ata o amencer du...  
no que se aviva a coñán...  
vida e do traballo armo...  
Nunha xuntanza do gra...  
os protagonistas do gra...  
ecimento figuran...  
o plano: Os Rei...  
arón do Neno Deus,  
ria e S. Xosé, e...  
7 camellos re...  
nde viaxe...  
mas, un...  
arm

# Prensa

## **XLVII CERTAME DE XORNALISMO «BEGONTE E O NADAL»**

---

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da XUNTA DE GALICIA, e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñeza mellor a vitalidade de O NADAL EN BEGONTE, convoca o XLVIII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL» que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Pode tomar parte neste certame quen publique, en calquera xornal, revista ou en Internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos nos que se faga referencia ao Nadal en Begonte e en xeral ao Nadal en Galicia.
2. Concederanse os seguintes premios:
  - PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
  - SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
3. A remisión de orixinais que se presenten ao Certame, hase de facer ao correo electrónico [info@belendebe-gonte.es](mailto:info@belendebe-gonte.es), antes das 12,00 horas do día 6 de xaneiro de 2024, indicando os datos do/a autor/a. A cada envío seralle acusado recibo polo mesmo medio.
4. Quen desexe entregar persoalmente o seu traballo, ou remitilo por correo certificado, pode facelo ao Centro Cultural convocante, no prazo que se indica.

# BASES

## FALLO DO XURADO DO XLVIII CERTAME XORNALÍSTICO «BEGONTE E O NADAL»



# FALLO DO XURADO

*Vense de reunir o xurado do XLVIII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL, convocado polo Centro cultural José Domínguez Guizán, impulsor do Belén de Begonte, formado por JOSÉ ULLA ROCHA, alcalde de Begonte; MARTA BARREIRO CASTRO, secretaria xeral da Xunta de Galicia en Lugo; JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, secretario do Centro convocante; BLANCA PACÍN SOMOZA, bibliotecaria; e SARA BLANCO DÍAZ e MARÍA JESÚS BLANCO DÍAZ, da Comisión de Cultura do Centro cultural convocante.*

*Examinados os traballos presentados, acordan premiar os seguintes autores:*

- **1º premio**, dotado con 600 € e estatuíña de Sargadelos, a LUÍS LATORRE REAL, por EL BELÉN DE BEGONTE, GUARDIÁN DE NUESTROS RECUERDOS, publicado no seu blog persoal e en GaliciaDigital.
- **2º premio**, dotado con 300 € e estatuíña de Sargadelos, a XOÁN NEIRA, por UNHA LUZ CERTA, publicado no xornal El Progreso.

*O Xurado acorda conceder unha **Mención de Honra**, dotada con estatuíña de Sargadelos, a JOSÉ RAIMUNDO POL –PEPE POL– polo seu artigo DOÑA PILAR, EL BELÉN DE BEGONTE Y UN NIÑO, publicado en GaliciaDigital.*

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Gómez





## LUIS LATORRE REAL

Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración (especialidade en Administración Pública) pola Universidade de Santiago de Compostela (1998), traballou no sector privado en ensinanza como docente, principalmente en área de novas tecnoloxías e oposicións. En 2002 ingresa por oposición no corpo administrativo da Xunta de Galicia, onde desenvolveu o seu labor en diferentes postos.

Entre 2007 e 2009 desempeñou o cargo de Asesor Especial de Política Local do Concello de Lugo, vinculado a Joaquín García Díez, portavoz do Grupo Municipal Popular.

Asíduo colaborador en medios informativos, mantén o blog «Historias desde Lugo», accesible desde as direccións [www.desdelugo.com](http://www.desdelugo.com) e [www.desdelugo.es](http://www.desdelugo.es)

# EL BELÉN DE BEGONTE, GUARDIÁN DE NUESTROS RECUERDOS

Cuando van pasando los años la Navidad se convierte en un recordatorio de las ausencias, y uno empieza a comprender por qué hay gente a la que no le hace una especial ilusión la parafernalia de luces de colores y alegres villancicos. La añoranza y el recuerdo convierten lo que fue una fiesta perfectamente agradable y familiar en una realidad que deja un sabor de boca algo amargo por la culpa de no haber exprimido más esa felicidad de la que éramos conscientes sólo a medias. Quizá por esa tristeza residual resulta más chocante la alegría que parece que por decreto tiene que reinar en nuestras vidas en fechas señaladas, y los seres humanos tendemos a resistirnos a la mayoría de las imposiciones, aunque sean presuntamente agradables.

El refugio que nos queda es el del recuerdo, y éste se guarece a su vez en las tradiciones, que no son otra cosa que el símbolo de la permanencia frente a la pérdida, de la estabilidad ante el cambio, de lo eterno contra lo temporal. Quizá sea por eso por lo que nos gusta tanto recordar los sitios a donde fuimos de niños, cuando nuestra inocencia nos convertía en seres absolutamente felices y en una época en que nuestro mayor problema era no tener el juguete deseado por un malentendido de las cartas mágicas de los Reyes Magos, o volver al cole antes de lo que nos gustaría.

El Belén de Begonte es una de esas grandes tradiciones. Su característica de electrónico lo convirtió en una modernidad en su época, algo que nos atraía como la miel a las moscas porque era «lo más de lo más». Una instalación de autómatas con días y

noches, estaciones y el avance de los Reyes Magos de camino a Belén. De ahí pasó a trasnochado para algunos, pero como todo en la vida, ha superado esa fase para ser lo más hermoso: una tradición.

Larga vida al Belén de Begonte, guardián de nuestras más hermosas memorias de la infancia y creador de otras nuevas para las generaciones que siguen asombrándose frente a su aparente sencillez, llena de trabajo y complejidades, y que año tras año permanece gracias al tesón, e incluso diría cabezonería, bendita cabezonería, de sus cuidadores, a los que debemos que ese tesoro navideño continúe en funcionamiento al margen de inteligencias artificiales y demás cachivaches que jamás igualarán la magia del nacimiento de Begonte, porque es la magia del recuerdo.





## XOÁN NEIRA

Nado en Lugo, reside en Viveiro desde 1982. Mestre agora xubilado, é membro fundador do Seminario de Estudos «Terra de Viveiro», co que participa en publicacións e diversas actividades culturais.

Ten recibido diversos premios de poesía e xornalismo en Sarria (Meigas e Trásgos), A Estrada (Raimóndez Portela), Vilalba ou Begonte. É colaborador de El Progreso-A Mariña.

Publicou numerosos libros de poemas para maiores e para nenos, entre os que comprende subliñar *Memoria e soño*, *Nas varandas do abrente*, *Ás catro augas*, *Linguaxes*, *Recreos*, *Xiz de cor*, *Farrapos de nube*, *Chafarís*, *Outras linguaxes*, *Máxica lúa*, *Calendario poético* ou *Un niño no xardín*. Ademais, aparecen poemas seus en Guieiros, Lúa Nova, Saudade, Anto, A Xanela, Xistral..., en libros colectivos (*Alba de Beiramar* e *Poetas en Lugo*), e nos xornais Heraldo de Vivero e O Correo Galego.

# UNHA LUZ CERTA

VIVIMOS tempos avoltos, convulsos, crueis entre tantas miserias humanas, entre tanto horror. Gaza esgaza, Ucraína, outra ruína...

Día tras día golpéannos imaxes que asombran os nosos ollos nesta escalada de terror. Teño pesadelos cada noite con estas escenas de sacrificios humanos, de sangue inútil derramado e violencia desmesurada. Cómpre unha revisión das nosas consciencias, precisamente agora que se achega o tempo de Nadal e nos rodeamos de cantos e luces artificiais ante tanta escuridade.

O NENO de Belén, tamén era palestino, como os centos de inocentes que a diario morren baixo as bombas apocalípticas que alimenta o odio. Ese NENO, tamén perseguido, veu para redirnimos de tanta maldade pero nós miramos para outro lado agochando a nosa cómoda covardía. Temos que contaxiamos do verdadeiro espírito de Nadal. Cara a onde imos? Cara a nosa propia destrución?

Hai outras infancias rotas petando nas consciencias desalmadas deste mundo opulento no que onde máis da metade morre de fame, fronte as grandes mesas de manteis repletos de manxares. A abafante propaganda e o devorador consumismo favorecen as desigualdades. Vivimos nunha sociedade pasiva, indiferente aos problemas reais onde os valores que rexen son entre outros: a intolerancia e a insolidarieclade sendo vítimas da nosa soberbia e do noso propio egoísmo.

Temos que vivir o sentimento do Nadal gozando das pequenas cousas que enchen a nosa vida a diario,

compartindo non só cos seres queridos: a familia e os amigos senón con aquelas persoas necesitadas de cariño e comprensión porque a vida non se reduce á riqueza material. Hai pobres que son immensamente ricos polo seu gran corazón e ricos que viven no baleiro dos seus bens materiais.

Temos que construír entre todos un mundo mellor, un mundo de irmáns tendendo pontes de entendemento, de empatía co distinto, co diferente, respectándonos, mostrándonos próximos, nunca distantes, valorar a amizade como unha riqueza impagable e unir con moito amor as diferencias xeracionais: nenos, pais, avós, a familia como núcleo social, sen esquecer a ningúen, evitando a soidade dos maiores, escoitando a súa voz cheá de sabedoría.

Temos que fortalecer a comunicación, evitando o abuso das pantallas tecnolóxicas: móbiles, videoxogos, tabletas... e empregar ese tempo no diálogo, nas conversas familiares, en debates, procurando acordos, algo fundamental para entenderse nos fogares, no noso contomo.... esta sería a mellor manerade enriquecer o intelecto, solucionar problemas, conflitos, só así poñeríamos o xermolo para conquistar a PAZ, ademais, de paso, ampliamos o mapa dos afectos.

Que ese sorriso debuxado no rostro que regalamos polas rúas neste tempo non se borre en todo o ano.

Dende hai máis de cincuenta anos (e cada ano crecendo, ata ser declarado de interese galego) a auténtica Estrela de Belén brilla no corazón da Chaira. Grazas á iniciativa dun humilde cura, don José Domín-

guez Guizán, e a man artesá de José Varela, esta iniciativa continuada polo seu irmán don Jesús (con vocación e devoción), co comunicador Xulio Xiz exercendo de divulgador, recrean, a semellanza do Misterio de Belén, unha aldea galega con todas as súas tradicións, cos seus oficios e traballos para reunir e remover cada ano o corazón da xente dos diferentes lugares, dun pobo que celebra.

Aínda recordo cando eu estaba en activo, como mestre en Viveiro, o abraio dos rapaces diante desta magnífica representación cando acudiamos á cita. Unha festa para os sentidos!

De Belén a Begonte, de Oriente a Occidente viaxa UNHA LUZ CERTA que cada ano alumea o ceo da Chá anunciando O Salvador, é a Estrela que nos guía polos camiños procelosos da vida. Sigámola.





## JOSÉ REINALDO POL GARCÍA (PEPE POL)

Profesor e escritor, ten publicados varios libros de poesía e prosa, e organiza anualmente os Encontros Poéticos na Vila de Quiroga. Colabora asiduamente en diversos medios e ten conseguido numerosos premios, tanto de xornalismo como cos seus alumnos polos traballos realizados nas clases.

Aínda non sendo galego de nacemento, é un entusiasta da cultura galega, e tódalas súas actividades xiran arredor de Galicia, constituíndo un referente de impulsión cultural no sur da provincia de Lugo

Ten conseguido unha vintena de distincións e recoñecementos en Latinoamérica, entre eles os de:

- Finalista en Certames literarios en USA (Sobre a paz), Ecuador (Certame internacional Aquilandia de poesía), Venezuela (Certame Literario de Poesía) e Santiago de Chile (Relatos sobre o Camiño de Santiago).
- Mención de Honra en México (Certame Literario sobre o acoso), Rocha-Uruguay (en dúas modalidades do Certame de poesía), Chile e Arxentina.
- Terceiro premio do Certame de Cartas de amor en Santiago de Chile.



# DOÑA PILAR, EL BELÉN DE BEGONTE Y UN NIÑO

CORENTA E DÚAS

Era por la Navidad que estamos viviendo, la del actual año 2023, y, como es natural en estas entrañables fechas hay abierta una acogedora y grandiosa puerta en Terra Chá, el Belén Electrónico de Begonte, por múltiples motivos declarado de Interés Turístico Galego (DOG 4/11/2014); por el vano del Centro Cultural José Domínguez Guizán acceden miles de visitantes que llegan ansiosos por estar en contacto con la esencia de la Navidad en Galicia.

Aquel día de diciembre era muy frío y las calles y campos begontinos estaban recubiertos por un manto albo, el que conforman los copos de la bella y silenciosa nieve. No existía esa gélida sensación en los que a Begonte se acercaban. En el interior del Centro Cultural las gradas, para presenciar tan emblemático y espiritual belén, estaban, como anualmente acaece, atiborradas de personas que buscaban el mayor calor, el espiritual. En una de ellas se encuentra un matrimonio acompañado por su descendiente, quien no superaba los diez años de edad. Los progenitores estaban tan obnubilados y absortos observando aquella grandiosa obra que irradia la portentosa luz espiritual y recoge y proyecta la tradición de nuestra Galicia que, cuando miran hacia su lado para comentar con ese el prodigio que tenían ante sus ojos no lo ven y se preguntan:

—«¿Dónde está el niño?»

Empiezan a buscarlo entre la multitud congregada y lo ven por fin sentado más arriba en una esquina como meditabundo. Le preguntan en tono recriminatorio:

—«¿Por qué te has alejado de nuestro lado? ¿Qué haces aquí?»

El pequeño les contesta:

—«Estoy con Doña Pilar ¿o es qué no la veis aquí a mi lado? Estamos los dos contemplando lo que el sacerdote D. José, su esposo también llamado José y ella consiguieron legarnos. En casa os contaré todo lo que hemos hablado. Esperadme, en unos instantes estoy con vosotros.»

Los rostros del matrimonio reflejaban asombro porque no veían a ninguna respetable señora junto al pequeño, había muchos visitantes pero el chiquillo estaba, según ellos, alejado y solo.

La preocupación de la pareja era si a su hijo le había afectado algún trastorno mental y, antes de abandonar el local, mirando el belén dijeron:

—«Señor, que nuestro niño esté sano y no padezca de enajenación mental alguna.»

El chico que acaba de llegar junto a ellos y les oye pronunciar estas palabras susurra y musita:

—«Tranquilos, papá y mamá, no sufro de perturbación ni de alucinación, os aseguro que he estado con Doña Pilar aunque vosotros no me creéis.»

Al salir del local Carlos, otro laborioso entusiasta del Belén de Begonte les entregó unos calendarios y al coger ese obsequio el pequeño le preguntó:

—«¿Usted la ha visto, señor?»

Carlos, como buen gallego, contesta con otra pregunta:

—«¿De quién hablas, bonito?»

El niño le dice:

—«Me refiero a Doña Pilar. Ha venido, está allí» —dijo señalando hacia un rincón del graderío—.

El hombre mirando para el sitio que le indicaba aquella mano infantil exclama:

—«¡Es verdad, que alegría! Ella no podía dejar de estar con todos nosotros en estas espirituales fechas. Voy a decírselo a su hijo, al sacerdote D. Xesús, a D. Xulio y a los demás miembros del Belén de Begonte. ¡Es maravilloso!».

Marchó hacia allí veloz y pletórico en tanto los progenitores de aquel niño quedaron más perplejos y asombrados viendo que este hombre le daba la razón al hijo. La esposa comentó:

—«Es muy amable este caballero, no quiere llevarle la contraria pero yo, por mucho que miro hacia ese lugar, no veo a ninguna dama».

El esposo la tomó del brazo y al niño ofreció su otra mano saliendo todos del local. Durante el trayecto hacia su domicilio nada comentan al respecto. El padre sintonizó en el coche la radio y en ese instante el locutor estaba hablando con un sacerdote que así le respondía:

—«Mire, en estas datas navideñas los ojos infantiles, los que tienen una mirada noble y pura, ven lo que los adultos no reconocen porque están tildados por el estresante vivir y esas preocupaciones impiden que no capten lo intangible y espiritual porque los mayores solamente perciben lo material. Recuerde, la Navidad es amor y ese donde más vivo está es en los niños por eso Dios vino al mundo en forma de Niño, Jesús...»

El padre apagó la radio y miró a la madre sin pronunciar palabra alguna pero en sus ojos reflejaba lo que sentía.

Aquella noche cuando fueron para darle un beso y que tuviera felices sueños les dijo el pequeño: «Sentaos, os voy a contar la conversación que sostuve con Doña Pilar. ¿Sabéis quien es, verdad?»

Los padres al unísono responden:

—«Sí, supongo que es la que es conocida como la «Dama del Belén de Begonte» y que falleció hacia unos diez meses. La esposa de D. José Rodríguez Varela.»

El rapaz contesta exultante:

—«¡Esa, la misma, y no estaba sola! Los/as amigos/as del Belén de Begonte no conocen la soledad ni en la tierra ni en los cielos. Junto a ella estaban los dos fundadores de esta obra, los dos Xosés, y colaboradores tan importantes como Teté (María José Cruz Veiga), Marcial, Carballo... y todos los que han marchado de este mundo y tuvieron relación muy directa con este belén.»

Los padres mostrando gran interés por sus palabras le ruegan:

—«Cuenta, porfa, explícanos lo que te dijo.»

Sin más dilación el niño empezó a explicar lo que parece un cuento que narra un abuelo/a a un/a nieto/a pero esta vez es el pequeño quien da vida a aquella visión que tuvo del siguiente modo:

—«Pues, fue así. Como ya sabéis yo había ido en otras Navidades con vosotros a ver el Belén de Begonte pero nunca vi nada sobrenatural como me ocurrió en

este ocasión. Estando mirando el belén percibí en una esquina solitaria de uno de los peldaños de la grada el destello de una hermosa luz. Miré hacia allí y esa claridad tomaba forma humana de mujer y reconocí en ella a Doña Pilar, la que en las veces que la vi me ofreció deliciosas rosquillas. Me hizo un gesto con la mano para que me acercara, creyendo que me daría esos dulces que artesanalmente elaboraba me alejé de vuestro lado y marché hacia allí. Cuando llegué junto a su persona me dijo:

—«Hoy, bonito, no traigo rosquillas, pero te agradezco con mis palabras el que me hayas visto. Mira, en los cielos todos los miembros del belén de Begonte fallecidos, muchos de ellos están ahora aquí pero no se hacen visibles a los ojos de los vivos, tienen la hermosa costumbre de asistir a los actos navideños de Begonte, pues desean saber los muchos progresos y novedades que este Belén experimenta. Pero no tengas miedo, pequeño, llámame un privilegiado porque tus ojitos dieran visibilidad a mi figura, solo los grandes observadores infantiles son los que pueden captar mensajes celestiales...».

Le interrumpo diciendo:

—«Nada de miedo, señora, a las personas queridas, y usted lo es para mi, no se les tiene recelo aunque sea una aparición. Me siento dichoso de haber tenido en el Belén de Begonte esta inolvidable experiencia. Pero, por favor, Doña Pilar, prosiga.»

Ella continuó:

—«Poco más he de decirte solamente que sepas que todos los que de una manera u otra arriman su hombro

y aportan su colaboración para dar y continuar aportando vida a este Belén de Begonte cuando llegan a finar tienen el gran premio de poder volver cada Navidad a ver su belén y a los suyos. Qué feliz me siento de haber colaborado con D. Xosé, con D. Xulio, mi esposo, Xosé Rodríguez Varela, y otros muchos a que adquiriera movimiento lo que nunca debe pararse, la fe en Dios y el amor por esta querida Galicia y sus gentes. Ahora que me has visto y oído vuelve al lado de tus padres y a seguir gozando con la luz espiritual que partiendo de aquí se propaga por todos los hogares gallegos.»

Dice el niño:

—«Queridos padres, ante aquellas palabras tan enternecedoras quise acariciar agradecido sus radiantes manos pero al intentarlo se desvaneció y vi como una nubecilla blanca ingrávida se colocaba sobre el belén electrónico y luego desaparecía.»

El progenitor comenta a su esposa:

—«Mañana volvemos a ir al Belén de Begonte, pues ya está cerca la clausura de esta edición y en la próxima deseo ser ya un miembro de ese colectivo porque cuando muera quiero ser merecedor de venir a contemplarlo como Doña Pilar.

La esposa y el niño respondieron:

—«Y nosotros también haremos todo lo posible por pertenecer en la vida y en la muerte al Belén de Begonte. La mayor parte de los jubilados se preocupan de hacer viajes a Benidorm, Marbella, Palma y la más bella excursión es prepararse para el viaje final

que como creyentes sabemos que es principio del más maravilloso, volver en cada Navidad a Begonte».

El día de la clausura del Belén de Begonte se personaron al acto en el que se iban a entregar los premios de las distintas modalidades de certámenes artísticos, periodísticos y literarios. Momentos antes de iniciarse el tan grandioso evento se dirigieron junto al sacerdote D. Xesús y así, después de saludarle, le dijo el cabeza de familia:

—«Reverendo, deseamos se nos otorgue el que consideramos nosotros el mejor de los premios.»

El bueno del párroco con cara de sorpresa le contesta:

—«Se foron distinguidos con algún deles terían notificación do mesmo polo secretario dos respectivos xurados . Noraboa; agora se non acadaron premio disfruten do acto e participen en vindeiras edicións.»

El padre le dice:

—«No, señor cura, deseamos que usted nos otorgue ese reconocimiento, el ser miembros del Centro Cultural 'José Domínguez Guizán' para tener derecho y deber a participar esta familia en este Belén de Begonte.»

D. Xesús, sin poder disimular su rostro de felicidad, así le habló:

—«Iso está feito. Levo edicións invitando aos nosos veciños a colaborar nesta obra, Begonte e Deus agradece esa laboura. Ao remate do evento notificarei á xunta directiva que tome nota dos seus datos perso-

nais e, na vindeira xuntanza aprobaremos que sexan recoñecidos novos socios do Belén Electrónico de Begonte, aínda que póngolle en coñecemento que pertencer a él supón aceptar a grande responsabilidade de adicarse en corpo e alma a potenciar este símbolo espiritual begontino cada día.»

Mostrando su agradecimiento le dice el progenitor:

—«Gracias por concedernos el mayor premio para todo aquel que ama a Galicia, Terra Chá y Begonte, el ser miembros del Belén Electrónico, pero también deseábamos formular una petición que nos gustaría sea presentada en la próxima reunión del colectivo.»

El sacerdote manifestando mucho interés le pregunta:

—«¿Por favor, avánceme de que se trata, nos encanta cando chegan persoas con iniciativas?»

En esos momentos se acercaron al grupo D. José Rodríguez Gómez y D. Xulio Xiz que reclamaban la presencia del «crego» para iniciar el acto y, al llegar oyeron emocionados la propuesta que expuso la madre de aquella familia y es como sigue:

—«Padre, a nuestro hijo y a nosotros nos gustaría pedir cuando seamos considerados miembros de esta asociación que ahí —señalando hacia la entrada del Centro Cultural—, junto a la puerta sobre un monolito que lleve por leyenda «A la Señora do Belén de Begonte: Doña Pilar Gómez García» se levante un busto que represente a la que tanto ha hecho por contagiarnos con su ilusión y entusiasmo en pro de esta espiritual obra que inició hace más de cincuenta años con D. Xosé

y su esposo Xosé Rodríguez Varela. Podemos decir que «si todas as mulleres galegas somos costureiras nos nosos fogares, Doña Pilar, alumeada polo portentoso candil da fe, tecía y tecía, cos fíos do amor da súa terra e as súas xentes, esta prenda que no Nadal viste de ledicia a toda esta comunidade galega.»

D. Xulio Xiz y D. José Rodríguez Gómez se retiraron embargados de emoción e D. Xesús despidiéndose del matrimonio y su pequeño hijo:

—«Reciban a miña felicitación por vir aportando iniciativas coma esta. Discúlpenme, temos que entrar, pero, repito, é unha xenial e abraiante idea. Ela, 'A Señora do Belén de Begonte', foi e será por sempre alma do noso querido Belén Electrónico.»

Estaba el salón de actos atiborrado de público, como suele ocurrir edición tras edición, y aquella familia siguió llena de dicha los distintos momentos de ese evento que pone fin a la Navidad más larga de Galicia y posiblemente del mundo. Para rematar después de que el presentador, D. Xulio Xiz, diera la palabra a D. Xesús y al señor alcalde D. José Ulla Rocha quienes pusieron el broche de oro con sus palabras al brillante acto navideño, el sacerdote dijo lo siguiente:

—«...Este Belén medra en cada unha das súas edicións e, neste ano temos unha familia que acaba de darnos unha idea grandiosa que penso tamén agradecerán todos vostedes, por iso, o ano que ven, no vindeiro Nadal é posibel contaremos cunha respresentación escultórica na entrada do centro cultural da que chamamos a «Dama do Belén de Begonte», Doña Pilar

Gómez. Benvidos sexan tódolos que aportan enerxía ao noso belén. Bo Nadal e non esquezamos nunca aos que, coma Dona Pilar, contribuíron a poñer en marcha esta obra.»

Al oír estas palabras se levantaron todos los oyentes y el salón se llenó de un intensísimo y caluroso aplauso que duró largos minutos.

Al salir del acto el alcalde quiso conocer a los que tuvieron tan brillante idea y después de saludarles les dijo:

—«Parabéns, gracias pola súa idea. Dona Pilar merece todo; e como en Begonte temos grandes artistas e un concello preocupado en darlle pulo ao belén, antes de que remate o vindeiro verán non faltará quen faga con todo o seu entusiasmo esa obra, ben en pedra, bronce ou calquera outro material que eternice a figura da muller que para Begonte e o seu belén será sempre inesquecibel. Graciñas.»

Marchó el matrimonio muy dichoso y contento por ser ya con toda seguridad miembros de la junta del Belén de Begonte y, aquel niño, el que había visto a doña Pilar, ahora se alegraba porque ya todos los que visiten en la Navidad de 2024 el Belén de Begonte verán ese busto que representa a la que fue puerta segura para acceder al Centro Cultural José Domínguez Guizán, aunque no faltaran los ojos como los de este pequeño que también la contemplarán en el interior del local.

Se alegraron muchísimo los hijos de Doña Pilar con la noticia de que un busto de su progenitora estaría ante el acceso al centro cultural pero seguro que ella,

una persona humilde y modesta como es propia en las gentes cristianas, mirando desde los cielos su querida Terra Chá diría:

«Quen merece todo é o noso Belén de Begonte, por iso cada Nadal quero estar con vostedes e con el. Reservádeme un sitio nesas bancadas para contemplar as novidades que experimenta ano tras ano. Facede como pasa en toda familia que nas entrañables festas do Nadal sempre está a cadeira dos ancestros chea cos recordos dos seres queridos que non olvidan aos que marcharon. O Nadal é tempo de reencontros.»

Todas las personas que hicieron o harán posible que este Belén de Begonte brille son inolvidables para este pueblo chairego y para toda la comunidad. Nunca muere quien permanece en el recuerdo y las fiestas navideñas son precisamente unas datas para evocar con agradecimiento lo mucho que han hecho los fundadores y continuadores de esta obra que es joya espiritual con la que orgulloso se siente el pueblo de Begonte ostentándola y a la que se entrega en cuerpo y alma porque en ella está representada la Galicia del ayer y todos y cada uno de sus grandes valores.

Demos brillo a lo que lo merece, agradecer que esa obra permanezca en el tiempo gracias a personas como el trío formado por aquel querido sacerdote, D. Xosé y ese ejemplar matrimonio conformado por Dona Pilar e D. Xosé Rodríguez. Ellos fueron ejemplo para que nosotros sigamos haciendo camino cada Navidad. Feliz tiempo navideño para todos donde los dulces sueños dan el mejor sabor a la realidad.





**EGERIA** →

// **ABANCA**



**XUNTA  
DE GALICIA**